




Área / Unidade RECURSOS HUMANOS DIRECCIÓN DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR AD0000	Documento AD018I00G9	
Código de verificación  3M5X 0H0Z 3Y13 0B5D 133X	Expediente 108/2023/841	
	Fecha 03-05-2024	

Tribunal do proceso selectivo convocado para a cobertura de 11 prazas de arquitecto/a superior, da escala de administración especial, subgrupo A1, C.E. 1/23.

RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS AO PRIMEIRO EXERCICIO

O pasado 25 de marzo de 2024 publicouse o cadro das respostas correctas do cuestionario do primeiro exercicio. Concedeuse un prazo de 5 días hábiles para formular alegacións.

Presentáronse en tempo e prazo un total de 33 solicitudes de opositores e opositoras que afectan a 37 preguntas do cuestionario, e 1 solicitude fóra de prazo.

A continuación, dáse traslado do extracto da acta na que se recollen as deliberacións do tribunal fronte ás alegacións presentadas:

“Dado o elevado número de alegacións presentadas referidas ás mesmas preguntas, o tribunal acorda resolver en conxunto as alegacións presentadas a cada pregunta.

O tribunal procede de seguido a resolver cada unha das alegacións pola orde na que as preguntas alegadas figuran no cuestionario do primeiro exercicio da proba selectiva.

PREGUNTA NÚMERO 17: De acordo co artigo 1 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, cal é o obxecto da devandita lei?

- A. Facer efectivo o dereito de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.
- B. Promover unha sociedade igualitaria avanzada.
- C. Promover as condicións para que a igualdade dos individuos sexa real e efectiva.
- D. Todas as respostas anteriores son correctas.

A alegante considera que a resposta correcta é a D e non a que figura no cadro de respostas publicado polo tribunal, que é a A; polo que pide que se modifique a resposta dada por válida.

Para fundamentar a súa alegación, menciona o artigo 1 da Lei Orgánica 3/2007 e os artigos 9 e 14 da Constitución: *“De conformidade coa normativa exposta, se ben o artigo 1 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, non transcribe de maneira literal as respostas B e C da pregunta 17 formulada, enténdese que dentro do obxecto da Lei orgánica si están contidas de maneira implícita ao indicar “no desenvolvemento dos artigos 9.2 e 14 da Constitución, polo que entendemos que o lexislador, tanto neste artigo 1 como na exposición de motivos da antedita Lei Orgánica, pon de manifesto como obxectivos da mesma os enunciados nas respostas A, B e C da pregunta 17 formulada”.*



En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR a citada alegación** porque do enunciado queda claro que a resposta que se pretende que dean as persoas aspirantes é a transcripción literal do obxecto da lei recollida no artigo 1: *“Esta Lei ten por obxecto facer efectivo o dereito de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, en particular mediante a eliminación da discriminación da muller, sexa cal fose a súa circunstancia ou condición, en calquera dos ámbitos da vida e, singularmente, nas esferas política, civil, laboral, económica, social e cultural para, no desenvolvemento dos artigos 9.2 e 14 da Constitución, alcanzar unha sociedade máis democrática, máis xusta e máis solidaria”*.

A resposta B (Promover unha sociedade igualitaria avanzada) non é correcta porque, tal e como recolle o teor literal do artigo 1, o que se persegue é “alcanzar”, e non promover, unha “sociedade máis democrática, máis xusta e máis solidaria” e non “unha sociedade igualitaria avanzada”. Polo que respecta á letra C (Promover as condicións para que a igualdade dos individuos sexa real e efectiva) tampouco é correcta porque non aparece recollida de forma literal no artigo 1 da Lei Orgánica 3/2007 e, con respecto ao artigo 9 da Constitución mencionado pola alegante este fala textualmente de “promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas”. Na resposta C do cuestionario omítese a palabra “liberdade” e “dos grupos en que se integra”, polo que tampouco cabe a posibilidade de dala como correcta.

PREGUNTA NÚMERO 19: De conformidade co artigo 49 do Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, enténdese que existe infrarrepresentación cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual entre o número de mulleres e o número de homes de, polo menos:

- A. 30 puntos
- B. 20 puntos
- C. 10 puntos
- D. 25 puntos

A alegante considera que debe ser anulada por non estar vixente a referencia normativa da mesma (artigo 49 do DL 2/2015) dentro do prazo límite do 20/02/2024 (data de publicación no BOP da lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas) fixado polas bases da convocatoria.

Tendo en contra que a entrada en vigor da nova Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, que trouxo consigo a derogación do Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febreiro; produciuse pouco antes da publicación no BOP da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas a este proceso selectivo (BOP número 36 do 20.02.2024), o tribunal acorda **ESTIMAR esta alegación** e, en consecuencia, **ANULAR esta pregunta**, que pasa a ser substituída pola pregunta de **RESERVA NÚMERO 1**.

PREGUNTA 28: Segundo establece o artigo 168 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o presidente da entidade local debe de remitir o proxecto de orzamento ao pleno antes do:

- A. 1 de setembro
- B. 15 de setembro
- C. 1 de outubro
- D. 15 de outubro



Alegacións: A alegante sinala que “non se formulou seguindo o teor literal da norma referenciada, artigo 168 do RDL 2/2004, e non sendo o enunciado da pregunta correcto, procedería ser ANULADA”.

Consideracións do tribunal: O teor literal do artigo 168.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, é o seguinte:

“Sobre la base de los presupuestos y estados de previsión a que se refieren los apartados anteriores, el presidente de la entidad formará el presupuesto general y lo remitirá, informado por la Intervención y con los anexos y documentación complementaria detallados en el apartado 1 del artículo 166 y en el presente artículo, al Pleno de la corporación antes del día 15 de octubre para su aprobación, enmienda o devolución”.

Analizada polo tribunal, acórdase NON aceptar a alegación, xa que o teor literal do artigo 168.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, recolle textualmente o 15 de outubro como data límite para remitir ao pleno o orzamento xeral/proxecto de orzamento para a súa aprobación.

En consecuencia, o tribunal acorda **DESESTIMAR esta alegación** á pregunta 28.

PREGUNTA 34: Conforme dispón o artigo 4 da Lei 2/2016, do 10 febreiro, do Solo de Galicia, a competencia urbanística relativa ao plan comprenderá entre outras as seguintes facultades (sinala a resposta incorrecta):

- A. Impoñer as sancións que correspondan aos responsables das infraccións urbanísticas
- B. Preservar o medio físico, os valores tradicionais, os sinais de identidade e a memoria histórica de Galicia
- C. Establecer a clasificación do solo
- D. Determinar o uso do solo, do subsolo e das construcións

Alegacións: Os alegantes sinalan en síntese que a pregunta pode ter máis dunha resposta incorrecta ou consideran correcta unha resposta diferente.

Consideracións do tribunal: O teor literal do artigo 4.1 da Lei 2/2016, do 10 febreiro, do Solo de Galicia, é o seguinte:

“Artigo 4. Ámbito da competencia urbanística

1. A competencia urbanística relativa ao planeamento comprenderá as seguintes facultades:

- a) Formular os plans e instrumentos de planeamento urbanístico previstos nesta lei.*
- b) Establecer a clasificación do solo.*
- c) Determinar o uso do solo, do subsolo e das construcións.*
- d) Determinar a configuración e as dimensións das parcelas edificables.*
- e) Localizar as infraestruturas, equipamentos, centros de produción e residenciais do modo axeitado para a poboación.*
- f) Establecer zonas de distinta utilización, en función da densidade da poboación que teña que habitalas, porcentaxe de terreo que poida ser ocupado por construcións, volume, forma, número de plantas, clase e destino dos edificios, con suxeición ás ordenacións xerais uniformes para cada tipoloxía en toda a zona.*
- g) Formular as reservas de solo e fixar criterios para o trazado de vías públicas e de redes de infraestruturas e servizos, e para a implantación de dotacións urbanísticas e, en concreto, parques*



e xardíns públicos, así como espazos libres de edificación, en proporción axeitada ás necesidades colectivas.

h) Sinalar a localización e características dos centros e servizos públicos de calquera finalidade e demais equipamentos.

i) Cualificar terreos para a construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública.

j) Orientar a composición arquitectónica das edificacións e regular, nos casos nos que for necesario, as súas características estéticas”.

Analizada polo tribunal acórdase ESTIMAR a alegación, dado que hai máis dunha resposta posible (A e B) á pregunta proposta.

En consecuencia, o tribunal acorda **ANULAR a pregunta 34 e** substituíla pola **RESERVA número 2**.

PREGUNTA 38: As actuacións de urbanización a que refírese o artigo 7.1,a) do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, comportan os seguintes deberes legais:

- A. Entregar á Administración competente, e con destino a patrimonio público de solo, o solo libre de cargas de urbanización
- B. Garantir, en calquera caso, o realoxamento dos ocupantes legais que se precise desaloxar de inmobles situados dentro da área da actuación
- C. Entregar á Administración Local o solo reservado para viais, espazos libres, zonas verdes e restantes dotacións públicas incluídas na propia actuación ou adscritas a ela para a súa obtención
- D. Indemnizar aos titulares de dereitos sobre as construcións e edificacións que deban ser demolidas e as obras, instalacións, plantacións e sementados que non poidan conservarse

Alegacións: Sinalar que, por erro, o enunciado desta pregunta foi modificado polo tribunal durante a realización do exame: a redacción orixinal pedía sinalar a opción correcta (letra D), pero o tribunal comunicou durante a proba que o realmente solicitado era a opción incorrecta, pasando a existir así tres opcións incorrectas (A, B e C).

Consideracións do tribunal: Visto o erro sinalado, e analizada polo tribunal a dita pregunta, acórdase ACEPTAR as alegacións, xa que a versión correcta era a inicialmente redactada e non a modificación feita durante a celebración do exame, xa que daría lugar a tres respostas válidas.

En consecuencia, o Tribunal acorda **ESTIMAR as alegacións e ANULAR a pregunta 38**, substituíndoa pola **RESERVA NÚMERO 3**.

PREGUNTA 41: Segundo o artigo 16 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, no solo en situación rural que non estea sometido ao réxime dunha actuación de urbanización:

- A. Quedan prohibidas as parcelacións urbanísticas en todo caso.
- B. Quedan prohibidas as parcelacións urbanísticas, sen que poidan efectuarse divisións, segregacións ou fraccionamentos de calquera tipo en contra do disposto na lexislación agraria, forestal ou de similar natureza.
- C. Unicamente poden efectuarse segregacións en base a actuacións de explotación agropecuaria.
- D. Quedan prohibidas as parcelacións urbanísticas, salvo no caso en que esas divisións, segregacións ou fraccionamentos dean como resultado parcelas de 10.000m² como mínimo



Alegacións: A alegante sinala en resumo que a pregunta ten máis dunha resposta correcta, tamén considera válida a resposta A, polo que pide que se anule.

Consideracións do tribunal: O teor literal do artigo 16 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana é o seguinte:

“Artigo 4. Ámbito da competencia urbanística

“[...]

2. Cuando el suelo en situación rural no esté sometido al régimen de una actuación de urbanización, el propietario tendrá, además de lo previsto en el apartado primero, el deber de satisfacer las prestaciones patrimoniales que establezca, en su caso, la legislación sobre ordenación territorial y urbanística, para legitimar los usos privados del suelo no vinculados a su explotación primaria, así como el de costear y, en su caso, ejecutar las infraestructuras de conexión de las instalaciones y construcciones autorizables, con las redes generales de servicios y entregarlas a la Administración competente para su incorporación al dominio público, cuando deban formar parte del mismo.

En este suelo quedan prohibidas las parcelaciones urbanísticas, sin que, puedan efectuarse divisiones, segregaciones o fraccionamientos de cualquier tipo en contra de lo dispuesto en la legislación agraria, forestal o de similar naturaleza.

[...]”

Analizada polo tribunal acórdase NON ACEPTAR a alegación, dado que se considera que a única resposta que reproduce este teor literal é a B, polo que se entende perfectamente exposta e resolta a pregunta, xa que a resposta alternativa exposta pola alegante non está completa.

En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR a alegación** á pregunta 41.

PREGUNTA 46: De acordo co Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, cal dos seguintes non é un efecto da declaración de ineficacia da comunicación previa?:

A. A declaración de ineficacia dunha comunicación previa impide, desde o momento da súa resolución, o exercicio da actividade ou a apertura do establecemento.

B. A declaración de ineficacia dunha comunicación previa poderá determinar a inhabilitación da persoa interesada para presentar ante o concello unha nova comunicación previa.

C. A declaración de ineficacia dunha comunicación previa comportará a iniciación de oficio das correspondentes actuacións de restablecemento da legalidade.

D. A declaración de ineficacia é independente das responsabilidades sancionadoras ás que houbese lugar.

Alegacións: Os alegantes sinalan, en resumo, que a pregunta ten máis dunha resposta correcta a maiores da opción A establecida no cadro de respostas publicado polo tribunal, xa que consideran algúns dos alegantes que a opción D tamén sería válida neste caso, e outros afirman o mesmo da opción B.

Consideracións do tribunal: No referido ás alegacións que propoñen tamén como correcta a opción B por non reproducir no texto desta opción o teor literal do punto 3 do artigo 19, tanto no referido ao prazo:

“...durante un período de tiempo determinado de entre tres meses y un año...”

Como a:

“...para la misma actividad o establecimiento...”



Este tribunal considera que a non reprodución do teor literal deste apartado do artigo 19 pode inducir a erros nas respostas e levar á consideración desta opción B como igualmente correcta, polo que analizada polo tribunal, acórdase ACEPTAR as alegacións que refiren que por non reproducir o teor literal do apartado 3 do artigo 19 do Decreto 144/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, esta opción B debería considerarse tamén como válida.

En consecuencia, o Tribunal acorda **ESTIMAR as alegacións e ANULAR a pregunta 46, substituíndoa pola RESERVA NÚMERO 4.**

PREGUNTA 48: Na técnica PERT, que é a folgura?

- A. É o tempo dispoñible dunha actividade para, xa sexa, atrasarse na súa data de inicio, ou alongarse na súa data de execución, sen provocar atrasos na data de terminación proxectada.
- B. É a diferenza entre o tempo de inicio máis tardío e o tempo de finalización máis cedo.
- C. É a marxe de tempo que queda cando se finaliza unha actividade antes do programado
- D. Nesta técnica non existe o concepto de folgura.

Alegacións: A alegante refire que:

“[...]”

Teniendo en cuenta lo establecido en las diferentes guías del método PERTT, existen tres tipos de holgura: total, libre e independiente. La holgura total se corresponde con la respuesta propuesta por el tribunal (A) y la holgura independiente se corresponde con la respuesta B) Es la diferencia entre el tiempo de inicio más tardío y el tiempo de finalización más temprano. Como no se especifica en la pregunta de qué tipo de holgura se trata, cabrían ambas respuestas.

“[...]”

Consideracións do tribunal: Universalmente vén recoñecida baixo o termo xenérico de folgura, dentro da técnica PERT, a definida na resposta A da pregunta. Se a cuestión exposta quixese incidir sobre algunha das variacións da dita folgura, faría referencia a iso no enunciado (xa que non só se poden atopar tres variables como refire a alegante, senón incluso ata cinco), polo que o tribunal entende perfectamente definida a cuestión a resolver, visto que non se fai referencia a ningunha das variables expostas, como por outro lado, ben expón a alegante no seu escrito.

En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR a alegación** á pregunta 48.

PREGUNTA 53: O ámbito de aplicación do Código Técnico da Edificación é (sinala a resposta incorrecta):

- A. As obras de edificación de nova construción, excepto aquelas de escasa entidade construtiva que non teñan carácter residencial ou público, de forma eventual ou permanente, que se desenvolvan nunha soa planta e non afecten á seguridade.
- B. As intervencións nos edificios existentes.
- C. O cambio de uso característico dun edificio existente.
- D. É de aplicación en todos os supostos anteriores.

Alegacións: Os alegantes sosteñen que existen dúas respostas incorrectas (A e D) ou ben que non hai ningunha incorrecta porque sosteñen que a D é correcta. En consecuencia, solicitan a súa anulación.



Consideracións do tribunal: Analizada polo tribunal a dita pregunta, e visto o teor literal do artigo 2. Ámbito de aplicación do Capítulo 1. Disposicións xerais da Parte I do CTE, considérase como incorrecta a resposta da opción A por non reproducir literalmente o recollido no dito artigo 2, polo que, consecuentemente, enténdese tamén incorrecta a dita resposta da opción D e, en consecuencia, hai dúas respostas válidas para esta pregunta (opción A e D). Visto o cal acórdase ACEPTAR as alegacións expostas.

En consecuencia, o Tribunal acorda **ESTIMAR as alegacións e ANULAR a pregunta 53, substituíndoa pola RESERVA NÚMERO 5.**

PREGUNTA 56: O concepto clases de uso establecido polo DB SE-M está relacionado con:

- A. A durabilidade da estrutura durante o período de servizo, en condicións de uso adecuado.
- B. A probabilidade de que un elemento estrutural sufra ataques por axentes bióticos.
- C. O contido de humidade na madeira.
- D. A capacidade de carga de cálculo do elemento estrutural.

Alegacións: A alegante sinala que:

[...]

A resposta que máis se asemella ó establecido no TR é a B, pero a resposta C tamén pode considerarse correcta, porque a clase de uso depende do grado de humidade que chegue a alcanzar a madeira, o que pode levar a confusión, polo que considero que esta pregunta debería ser anulada

[...]"

Outra alegante tamén sostén que son correctas as respostas B e C.

Consideracións do tribunal: Analizada polo tribunal a dita pregunta, e visto o teor literal do CTE-DB-SE-M neste punto, a pregunta é clara, xa que alude ao que “está relacionado” co concepto “clases de uso” e non pregunta “de que é función” o dito concepto “clases de uso”, termos ben diferenciados neste apartado do CTE, polo que se acorda NON ACEPTAR a alegación.

En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR á alegación** á pregunta 56.

PREGUNTA 58: O documento básico DB-SI do CTE establece a obrigaçión de dispoñer extintores portátiles cunha eficacia 21A-113B. Tal dotación dispoñerá de modo que:

- A. Non interfiran con outros sistemas de protección esixibles.
- B. O punto de instalación non supere unha distancia máxima de 15 desde toda orixe de evacuación.
- C. En caso de incendio sexan visibles desde todo orixe de evacuación.
- D. A distancia entre eles sexa menor ou igual a 50m.

Alegacións: O alegante refire que:

[...]

Según la plantilla de respuestas, el tribunal consideró válida la opción “b”. Sin embargo, las condiciones de colocación de tales extintores portátiles se precisan en la tabla 1.1 de la sección SI-4 del DB-SI en donde puede leerse textualmente: “...extintores portátiles: uno de eficacia 21A-113B a 15 m de recorrido en cada planta, como máximo desde todo origen de evacuación...”, no distancia como figura en la opción b).



Con la redacción de la respuesta considerada correcta por el tribunal, un extintor que esté a 15 m de distancia vertical a un origen de evacuación podría servir para cubrir superficie en varias plantas, y eso no es lo que afirma el DB-SI, que establece la doble condición de “distancias al origen de evacuación” y “planta”.

La redacción propuesta no se ajusta a la literalidad de la disposición, ni a la interpretación de su contenido desde un punto de vista técnico, por lo que por su imprecisión resulta engañosa como respuesta correcta al test, y por tanto, no adecuada a su finalidad.

[...]

Consideracións do tribunal: Analizada polo tribunal a dita pregunta, e visto o teor literal do CTE-DB-SI neste punto, a redacción da opción de resposta non recolle o teor literal do CTE, pero a súa redacción considérase o suficientemente clara para non dar lugar a equívocos ou erróneas interpretacións como se presenta na alegación, polo que se acorda NON ACEPTAR a alegación.

En consecuencia, o tribunal acorda **DESESTIMAR á alegación** á pregunta 58.

PREGUNTA 59: Cal dos seguintes casos non está incluído no ámbito de aplicación establecido no documento DB-HR?:

- A. As obras de ampliación dun edificio residencial existente.
- B. As obras de construción dun auditorio.
- C. A rehabilitación integral dun edificio.
- D. Todos os anteriores, porque o ámbito de aplicación do DB-HR é o establecido con carácter xeral en CTE (art. 2 Parte 1), sen excepcións.

Alegacións: Os alegantes sinalan, en resumo, que a resposta sinalada no exame como correcta (C) é errónea ou que hai varias correctas, e solicitan tanto a anulación da mesma, como noutros casos de certos alegantes, variar a dita resposta correcta.

Consideracións do tribunal: Analizada polo tribunal a dita pregunta, obsérvase que o enunciado debería preguntar sobre os casos “incluídos no ámbito de aplicación do DB-HR” cando, por erro, pregunta sobre os “casos non incluídos” no dito ámbito, polo que acórdase ACEPTAR as alegacións que solicitan a anulación da pregunta.

En consecuencia, o tribunal acorda **ESTIMAR as alegacións** que solicitan **ANULAR a pregunta 59**, e substituíla pola **RESERVA NÚMERO 7** e **DESESTIMAR** as que solicitan cambiar a resposta correcta.

PREGUNTA 60: Segundo o disposto no DB-SUA-6, cal das seguintes afirmacións sobre as características dos vasos de piscina é incorrecta?:

- A. As escaleiras colocaranse na proximidade de ángulos do vaso e en cambios de pendente.
- B. Terán unha profundidade de 0,50m en piscinas infantís e 3,00 m no resto de piscinas, como máximo, e contarán con zonas cuxa profundidade sexa menor de 1,40m.
- C. As escaleiras non deben distar máis de 20m entre elas.
- D. A plataforma ou praia que circunde o vaso terá unha anchura mínima de 1,20m.

Alegacións: A alegante refire na súa alegación:

[...]

De conformidad con la normativa expuesta, e indicándose en el enunciado de la pregunta formulada cuál de las afirmaciones sobre las «características de los vasos de Piscina» es



Concello da Coruña

INCORRECTA, y siendo las características del vaso de la piscina: la profundidad, la pendiente, los huecos y los materiales, según el tenor literal de la norma referenciada, DB-SUA-6, la ÚNICA de las respuestas que hace referencia a las características del vaso de la piscina es la respuesta B, que no resulta incorrecta al corresponderse con lo indicado en la norma.

Por tanto, se entiende que la pregunta 60 NO se formuló siguiendo el tenor literal de la norma referenciada, DB-SUA-6, y no siendo el enunciado de la pregunta correcto, procedería ser ANULADA

[...]

Consideracións do tribunal: Analizada polo tribunal a dita pregunta, o teor literal do enunciado coincide co título do punto “1.2. Características del vaso de la piscina” do CTE-DB-SUA-6, polo que non hai dúbida ningunha a este respecto, polo que o Tribunal decide NON ACEPTAR a alegación.

En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR a alegación** que solicita anular a pregunta 60.

PREGUNTA 61: Segundo o disposto no DB-SUA-9, contarán cun ascensor accesible os edificios de uso residencial vivenda nos que:

- A. Haxa vivendas accesibles para usuarios en cadeira de rodas, caso no que haberá que comunicar as plantas onde se sitúen coas entradas accesibles do edificio e coas que teñan elementos asociados ás devanditas vivendas.
- B. Haxa que salvar máis de dúas plantas desde algunha entrada principal accesible ao edificio ata algunha vivenda ou zona comunitaria.
- C. Haxa máis de 12 vivendas en plantas sen entrada principal accesible ao edificio.
- D. Todas as anteriores son correctas.

Alegacións: Os alegantes solicitan a anulación da pregunta en base a unha interpretación sobre a que afirman que todas as respostas son incorrectas porque o CTE tamén refire a opción de instalación dunha rampla como alternativa ao ascensor.

Consideracións do tribunal: Analizada polo tribunal a dita pregunta, obsérvase claramente como o enunciado única e exclusivamente fai referencia ao ascensor e non cita a rampla en ningún caso, co cal xa se dá por descartada a opción de instalar unha rampla, visto que en ningún caso se pregunta por ela, polo que o tribunal decide NON ACEPTAR a alegación.

En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR as alegacións** que solicitan ANULAR a pregunta 61.

PREGUNTA 62: O DB-SUA-9, na súa Terminoloxía, establece que os corredores que formen parte dun itinerario accesible en uso Residencial vivenda deberán cumprir as seguintes condicións:

- A. Anchura libre de paso maior ou igual a 1,15m, con posibilidade de estreitamentos puntuais de anchura maiores ou iguais a 0,95m.
- B. Anchura libre de paso maior ou igual a 1,10m, con posibilidade de estreitamentos puntuais de anchura maiores ou iguais a 0,90m.
- C. Anchura libre de paso maior ou igual a 1,20m, con posibilidade de estreitamentos puntuais de anchura maiores ou iguais a 1,00m.
- D. Anchura libre de paso maior ou igual a 1,00m, con posibilidade de estreitamentos puntuais de anchura maiores ou iguais a 0,90m.



Alegacións: Os alegantes solicitan a anulación da pregunta porque interpretan que a resposta sinalada como correcta no exame (C) non sería tal, xa que consideran que todas serían incorrectas:
“[...]

Teniendo en cuenta lo establecido el citado apartado del DB-SUA 9, los pasillos y pasos de itinerarios accesibles en zonas comunes de uso Residencial Vivienda se admite $\geq 1,10$ m, con estrechamientos puntuales de anchura $\geq 1,00$ m.

Cabe mencionar que en el apartado “Vivienda accesible para usuarios de silla de ruedas”, los datos para pasillos son los idénticos a los que se acaban de exponer.

La respuesta correcta sería NINGUNA

[...]

Consideracións do tribunal: Analizada polo tribunal a dita pregunta, o teor literal deste apartado do CTE di así:

“[...]

- *Anchura libre de paso $\geq 1,20$ m. En zonas comunes de edificios de uso Residencial Vivienda se admite $1,10$ m*

- *Estrechamientos puntuales de anchura $\geq 1,00$ m, de longitud $\leq 0,50$ m, y con separación $\geq 0,65$ m a huecos de paso o a cambios de dirección*

[...]

O dato de $1,10$ m ao que fan referencia os alegantes é unha excepción só para as zonas comúns e non é o caso xeral polo que se pregunta na cuestión do exame, estimándose suficientemente clara que a resposta correcta é a C sinalada, polo que o tribunal decide NON ACEPTAR a alegación.

En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR as alegacións** que solicitan anular a pregunta 62.

PREGUNTA 63: Segundo o disposto na Lei 10/2014, de accesibilidade de Galicia, cando se realicen intervencións que afecten á vía pública (sinala a resposta incorrecta):

- A. Delimitaranse con elementos estables, ríxidos, e facilmente detectables.
- B. Garantirase un paso continuo e seguro, sen resaltes no chan e sen elementos saíntes.
- C. Dispoñerán de sinalización de delimitación, advertencia e perigo, perceptible por persoas con calquera tipo de discapacidade.
- D. No caso de que as obras ou intervencións non permitan manter o itinerario accesible habitual, deberase sinalizar esta circunstancia con indicación do período no que este percorrido estará fóra de servizo.

Alegacións: Os alegantes refiren, en resumo, que a resposta correcta proposta polo Tribunal é a B, cando debería ser a D, xa que sería a única admitida pola dita Lei 10/2014:

“[...]

Que en el cuestionario de preguntas de la antedicha oposición la que figura con el número 63 (señálese la respuesta incorrecta), tiene como solución propuesta por el Tribunal la letra B) Se garantizará un paso continuo y seguro, sin resaltes en el suelo y sin elementos salientes.

Teniendo en cuenta lo establecido en el art. 15 de la Ley 10/2014 (Obras que en la vía pública):

1. En caso de obras, públicas o privadas, u otras intervenciones que afecten a la vía pública, se garantizarán unas condiciones suficientes de accesibilidad y seguridad a los peatones, en particular en lo relativo a la delimitación de las obras, que se realizará con elementos estables, rígidos y fácilmente detectables (respuesta A), de modo que se garantice la seguridad del peatón.

2. En los itinerarios peatonales de las obras e intervenciones se garantizará un paso continuo y seguro, sin resaltes en el suelo y sin elementos salientes (respuesta B). Si las obras e intervenciones no permitiesen mantener el itinerario peatonal accesible habitual, se instalará un itinerario peatonal accesible alternativo, debidamente sinalizado, que habrá de garantizar la continuidad en los encuentros entre este y el itinerario peatonal habitual, no aceptándose en caso alguno la existencia de resaltes.



Concello da Coruña

3. Las zonas de obras dispondrán de una señalización adecuada y rigurosa de delimitación, advertencia y peligro, que debe ser perceptible por personas con cualquier tipo de discapacidad (respuesta C). Se garantizará la iluminación en todo el recorrido del itinerario de la zona de obras.

La respuesta D) es la única que no aparece contemplada en el citado artículo. Por lo tanto:
La respuesta correcta sería la D)

[...]"

Consideracións do tribunal: Analizada polo tribunal a dita pregunta, e segundo o teor literal do dito artigo 15 da Lei 10/2014, a resposta correcta debería ser a D (e non a B sinalada no cadro de respostas do exame polo tribunal), polo que o dito tribunal decide aceptar as alegacións achegadas.

En consecuencia, o Tribunal acorda **ESTIMAR as alegacións** que solicitan **cambiar a resposta correcta** da pregunta 63 **pasando a ser a resposta correcta a D e non a B.**

PREGUNTA 64: Segundo o Decreto 35/2000, cando unha escaleira forme parte dun itinerario peonil adaptado deberá cumprir o seguinte requisito:

- A. O ancho mínimo da escaleira será de 1,20m, e o tramo máximo sen relanzo deberá salvar un desnivel do 1,50m.
- B. O ancho mínimo da escaleira será de 1,80m, e o Tramo máximo sen relanzo deberá salvar un desnivel do 2,00m.
- C. O ancho mínimo da escaleira será de 1,20m, e o tramo máximo sen relanzo deberá salvar un desnivel do 2,00m.
- D. Nun itinerario peonil adaptado non se permite a disposición de escaleiras, debendo resolverse a diferenza de cotas mediante a disposición dunha rampla.

Alegacións: Os alegantes solicitan a anulación da pregunta porque interpretan que a resposta sinalada como correcta no exame fala de 2,00 m o tramo da escaleira máximo sen relanzo e os alegantes estiman que esta dimensión debe ser de 2,50 m.

Consideracións do tribunal: Analizada polo tribunal a dita pregunta, e segundo o referido no apartado 1.2.3. Escaleiras do Decreto 35/2000, *as escaleiras adaptadas nun itinerario peonil terán un largo mínimo de 1,20 m e o tramo máximo sen descanso será o que salve un desnivel de 2,00 m*, polo que o tribunal decide **NON ACEPTAR** a alegación.

En consecuencia, o tribunal acorda **DESESTIMAR as alegacións** que solicitan anular a pregunta 64.

PREGUNTA 65: Segundo o disposto no Decreto 29/2010, polo que se aproban as normas de habitabilidade de Galicia, a profundidade máxima dunha terraza cuberta a través da que ilumine unha peza vivideira non poderá superar os:

- A. 2,00m.
- B. 3,00m.
- C. As pezas vivideiras non poden iluminarse a través dunha terraza cuberta.
- D. As pezas vivideiras non poden ventilarse a través dunha terraza cuberta, agás que esta estea aberta en todas as fronteas excepto aquela na que se localiza o oco de iluminación.

Alegacións: O alegante sinala:

"[...]"



Concello da Coruña

Debo indicar que la pregunta no tiene en cuenta la reciente modificación del Decreto 29/2010, D128/2023, de 7 de septiembre, por el que se modifica el Decreto 29/2010, de 4 de marzo, por el que se aprueban las normas de habitabilidad de viviendas de Galicia.

Esta modificación introduce entre otros la posibilidad de que los ayuntamientos aprueben un anexo de habitabilidad, en el cual se introducen una serie de excepciones entre las cuales está la profundidad de las terrazas, en las cuales se puede superar los 3 m. siempre que la longitud sea siempre mayor o igual que su profundidad.

La plantilla da como válida la respuesta:

B: 3,00 m.

Como queda demostrado existen excepciones en los cuales se permite más de 3,00m. por lo que la respuesta de la plantilla es INCORRECTA.

[...]"

Consideracións do tribunal: Analizada polo tribunal a alegación, a súa argumentación baséase nun condicionante ou suposto que non vén reflectido no enunciado da pregunta, razón pola que non pode ser tido en conta á hora de analizar a resposta correcta, a cal ten que ser valorada en función unicamente das premisas expostas no dito enunciado, e a aprobación dun Anexo de habitabilidade non é unha das alternativas expostas na pregunta, polo que o tribunal decide NON ACEPTAR a alegación.

En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR a alegación** que solicita anular a pregunta 65.

PREGUNTA 68: Segundo o disposto no Real Decreto 1627/1997, cal das seguintes é unha obrigación do coordinador en materia de seguridade e saúde?:

- A. Estimar a duración requirida para a execución das fases de obra.
- B. Resolver as contingencias que se produzan na obra e consignar no Libro de Ordes e Asistencias as instrucións precisas para a correcta interpretación do proxecto.
- C. Elaborar ou facer que se elabore, baixo a súa responsabilidade, o estudo de seguridade e saúde, ou o estudo básico de seguridade e saúde.
- D. Ningunha das anteriores é unha obrigación do coordinador en materia de seguridade e saúde.

Alegacións: Os alegantes solicitan a anulación da pregunta porque interpretan que a resposta C é correcta, ou ben refiren outros alegantes que debe ser anulada porque tamén consideran correcta a A.

Consideracións do tribunal: Analizada polo tribunal a dita pregunta, e segundo o referido no dito artigo 9 do RD 1627/1997, o único caso no que pode ter a responsabilidade de facer o ESS ou o EBSS é no caso particular de que teña que haber un coordinador de seguridade e saúde na fase de proxecto, particularidade que non recolle o enunciado da pregunta.

Outros alegantes refiren como posible resposta válida a opción A: "Estimar a duración requirida para a execución das fases de obra", pero o dito RD 1627/1997 non a inclúe entre as obrigas do coordinador, polo cal a única resposta válida é a D, así definida no cadro de respostas, visto o cal o tribunal decide NON ACEPTAR a alegación.

En consecuencia, o tribunal acorda **DESESTIMAR as alegacións** que solicitan anular ou cambiar a resposta válida na pregunta 68.



PREGUNTA 71: Segundo dispónse no artigo 64, en relación co artigo 65, do Decreto 143/2016, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia, os límites de sustentabilidade no solo urbano non consolidado (SUNC) e solo urbanizable (SUble) débense de cumprir en (seleccionar a opción correcta):

- A. De forma conxunta para o SUNC e SUble.
- B. En cada distrito delimitado no solo urbano e cada sector delimitado no solo urbanizable.
- C. En cada ámbito de SUNC e o conxunto do SUble.
- D. En cada distrito delimitado no solo urbano e no conxunto dos SUble.

Alegacións: A alegante solicita mudar a resposta correcta á opción C).

Consideracións do tribunal: A delimitación dos distritos no solo urbano abrangue á totalidade deste, e non só á categoría de solo urbano non consolidado (artigo 44.1 da LSG, e 79.1 do RLSG).

A opción C) é incorrecta, xa que logo no artigo 106.d) do RLSG se indica que os ámbitos do solo urbano non consolidado se deberán delimitar de xeito que sexa viable o cumprimento dos estándares, no distrito do que formen parte, e polo tanto non necesariamente en cada un deles.

Disto dedúcese que os límites de sostibilidade para o solo urbano non consolidado deben cumprirse en cada distrito delimitado no solo urbano, e non en cada ámbito do solo urbano non consolidado.

En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR a alegación** á pregunta 71.

PREGUNTA 72: Tal e como se dispón nos artigos 71 e 72 do Decreto 143/16, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia, en relación cos equipamentos, indicar cal das seguintes determinacións non é correcta:

- A. Formarán parte dos sistemas xeral e local de equipamentos as edificacións e instalacións de uso e titularidade públicos ou privados, que poderán ter algún dos usos definidos no Regulamento de desenvolvemento da Lei.
- B. A distribución por usos do solo destinado a equipamentos públicos e a súa superficie mínima non están suxeitas a estándares xenéricos; serán fixados polo plan correspondente, en cada caso, atendendo ás necesidades específicas do ámbito de planeamento e a súa posición relativa na contorna urbana e territorial.
- C. Os equipamentos de uso e/ou titularidade privados non formarán parte dos sistemas xeral e local de equipamentos, e poderán ter usos distintos dos contemplados no apartado a).
- D. O plan xeral cualificará aqueles edificios e instalacións ao servizo de ámbitos superiores ao ordenado polo mesmo, sempre que sexan de uso e titularidade públicos, como parte do sistema xeral de equipamentos, pero non poderá considerar a súa superficie a efectos de xustificar as reservas mínimas establecidas.

Alegacións: O alegante indica que na pregunta, ademais da opción A), a opción D) tampouco é correcta, porque está incompleta ao ter omitido “cuxa implantación poida influír de xeito substancial na configuración e desenvolvemento do territorio”.

Consideracións do tribunal: Ningunha das respostas dadas para a pregunta son transcripción literal do regulado no RLSG, que é moito máis amplo.

A resposta A) é claramente incorrecta, xa que logo os equipamentos de titularidade privada non poden formar parte do sistema xeral nin local de equipamentos (art. 71.3).



Non obstante, a resposta D) considérase correcta, porque con carácter xeral, todos os equipamentos ao servizo de ámbitos superiores ao ordenado polo plan xeral, inflúen de xeito substancial na configuración e desenvolvemento do territorio, tales como os relativos á defensa e instalacións militares, parques de bombeiros, penitenciarías, centros hospitalarios, universidades, etc, que exceden do ámbito estritamente local (art. 72.1 e 2), e, polo tanto, non poden ser computados para os efectos de xustificar o cumprimento dos estándares legais.

En consecuencia, o tribunal acorda **DESESTIMAR a alegación** á pregunta 72.

PREGUNTA 73: De conformidade co disposto no artigo 65 da Lei do Solo de Galicia (art. 157 do Regulamento), os plans especiais poden modificar a ordenación detallada establecida no plan xeral cumprindo unha serie de condicións. Se se quere alterar a ordenación detallada dun ámbito de solo urbano consolidado na contorna de protección dun elemento catalogado, indicar cal podería ser a figura de planeamento de desenvolvemento adecuada:

- A. Un plan especial de reforma interior, que cumprise coas condicións establecidas no artigo 157 do RLSG/16.
- B. Un plan especial de protección, que cumprise coas condicións establecidas no artigo 157 do RLSG/16.
- C. Un estudo de detalle, que cumprise coas condicións establecidas no artigo 157 do RLSG/16.
- D. Ningunha das anteriores, xa que esta alteración unicamente se pode tramitar mediante unha modificación puntual do plan xeral.

Alegacións: A alegante considera que “os plans especiais que modifican a ordenación detallada do plan xeral son os plans especiais de reforma interior non previstos, en base ao artigo 180.1 do Decreto 143/2016 polo que se aproba o regulamento da Lei do Solo. Polo que a resposta correcta da pregunta nº 73 debería ser a b)”.

Consideracións do tribunal: O artigo 177 do Regulamento da Lei do solo de Galicia, establece as finalidades que poden ter os plans especiais, e nos artigos 179 a 183 se regulan os distintos tipos de plans especiais que se poden desenvolver, indicando os seus posibles ámbitos de actuación.

Os plans especiais de reforma interior (previstos e non previstos), regulados nos artigos 180 e 181 do regulamento, teñen como limitación a de desenvolverse en solo urbano non consolidado e solo de núcleo rural. A pregunta exposta, refírese expresamente a un ámbito de solo urbano consolidado, polo que estes tipos de plans non poden ser os axeitados.

De todos os xeitos, a resposta correcta é a B), que se refire aos plans especiais de protección, regulados no artigo 179 do regulamento, cumprindo coas condicións esixidas no artigo 157 deste regulamento.

En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR a alegación** á pregunta 73, entendendo que a alegante en realidade quería dicir que a resposta correcta debía de ser a A, dado que o Tribunal propuxo como resposta correcta a B).

PREGUNTA 76: Os plans parciais teñen, entre outras, as seguintes determinacións (Indicar a opción que non sexa correcta):



- A. Delimitación do ámbito de plan que abarcará un sector completo definido polo plan xeral.
- B. Cualificación dos terreos, entendida como a asignación detallada de usos pormenorizados, tipoloxías edificatorias e niveis de intensidade correspondentes a cada zona.
- C. Ordenación detallada dos solos destinados polo plan xeral a sistemas xerais incluída exclusivamente, agás que o municipio opte pola súa ordenación mediante un plan especial.
- D. Delimitación dos polígonos en que se divida o sector e modificación, de ser o caso, do sistema de actuación, de acordo co disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e neste regulamento.

Alegacións: O alegante indica que a redacción do apartado C) é incompreensible.

Consideracións do tribunal: Do estudo comprensivo da Lei do Solo de Galicia e do seu Regulamento, dedúcese que os sistemas xerais, en relación cos sectores de solo urbanizable, poden estar en situación de incluídos ou adscritos.

A resposta C) claramente se refire a se as determinacións de ordenación dos plans parciais poden acadar só aos sistemas xerais incluídos (interiores ao sector), ou tamén aos adscritos (exteriores ao sector) (artigo 68.h) da Lei do solo, e 162.h) do regulamento).

En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR a alegación** á pregunta 76.

PREGUNTA 77: Os plans especiais, de conformidade co disposto nos artigos 157 e 177 a 183 do Decreto 143/2016 teñen, entre outras, as seguintes facultades (Indicar a que non sexa correcta):

- A. Os plans especiais de protección poden intervir e ordenar calquera clase e categoría de solo, podendo estenderse a varios termos municipais.
- B. Os plans especiais de reforma interior teñen por obxecto a execución de operacións de reforma interior no solo urbano e solo de núcleo rural.
- C. Os plans especiais de reforma interior, poden modificar a ordenación detallada do solo urbano non consolidado establecida polo plan xeral, cumprindo unha serie de condicións.
- D. Os plans especiais de infraestruturas e dotacións teñen por obxecto o establecemento e a ordenación das infraestruturas relativas ao sistema de comunicacións, transportes, espazos libres públicos, equipamento comunitario, infraestruturas de servizos, etc.

Alegacións: O alegante indica que a resposta B) tamén é correcta, porque non especifica que é “non consolidado” como di literalmente o artigo.

Consideracións do tribunal: Como primeira cuestión hai que indicar que ningunha das respostas ofrecidas son reprodución literal do texto legal de referencia, polo que non se pode argumentar a falta de “non consolidado” na resposta B), para xustificar que esta tamén sexa correcta.

A clase de solo urbano, segundo se dispón no artigo 17 da Lei do solo de Galicia e 26 do seu Regulamento, ten dúas categorías: o solo urbano consolidado, e o solo urbano non consolidado.

A resposta B) non pode ser correcta porque o solo urbano, cando non se especifica máis, abrangue tanto a categoría de consolidado como a de non consolidado.

No artigo 72 da Lei do solo de Galicia (artigos 180 e 181 do seu regulamento), indícase claramente que os plans especiais de reforma interior unicamente se poden desenvolver no solo urbano non consolidado e nos solos de núcleo rural.

En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR a alegación** á pregunta 77.



PREGUNTA 79: En relación co disposto na Lei do Solo de Galicia e o seu Regulamento, para os polígonos e áreas de repartición, indicar cal das seguintes afirmacións non é correcta:

- A. Os plans xerais deben delimitar áreas de repartición en solo urbano non consolidado, solo urbanizable, solo de núcleo rural e solo rústico, cando se prevexan áreas de actuación integral que requiran delas.
- B. No solo urbanizable, cada sector delimitado, xunto cos sistemas xerais que teña adscritos, formarán unha área de repartición independente.
- C. Os polígonos incluídos nunha mesma área de repartición non poden ter entre si unha diferenza de aproveitamento superior ao 10%, en relación co aproveitamento tipo desta.
- D. A delimitación dos polígonos definidos polo plan pode ser reaxustada sen alterar en ningún caso a ordenación urbanística, nin modificar a área de repartición na que se inclúen.

Alegacións: Os alegantes sinalan, en síntese, que a pregunta pode ter máis dunha resposta ou propoñen unha resposta diferente.

Consideracións do tribunal: Como primeira cuestión hai que relatar que as respostas inseridas na pregunta non son unha transcripción literal dos textos legais, xa que logo non se refiren a un único artigo destes, polo que non teñen que axustarse completamente a eles. No que se refire á resposta A), hai que relatar o seguinte:

O artigo 97.1 da LSG (art. 234.1 do RLSG), establece que os plans xerais de ordenación municipal deberán delimitar áreas de repartición de cargas e beneficios no solo urbano non consolidado, no solo urbanizable e no solo de núcleo rural cando se prevexan áreas de actuación integral que requiran delas, [...].

Ese mesmo artigo, no apartado 4, establece que no solo urbanizable, as áreas de repartición incluirán un ou varios sectores completos e os sistemas xerais que se integren neles ou que se lles adscriban para efectos da súa xestión (artigo 97.4 da LSG).

En relación con esta última determinación, o artigo 315.3 do RLSG, establece os procedementos de obtención dos solos destinados a sistemas xerais en solo urbano non consolidado, en solo urbanizable ou, se é o caso, en solo rústico inserido nunha área de repartición.

Destas últimas determinacións, dedúcese que o plan xeral cando queira obter solos de sistemas xerais no solo rústico pode adscribilos aos solos urbanizables, inseríndoos en áreas de repartición, e polo tanto delimitar áreas de repartición nesta clase de solo.

Polo tanto a resposta A) sería correcta.

No que se refire á resposta B), hai que sinalar o seguinte:

A resposta inserida na pregunta, literalmente, di o seguinte: “No solo urbanizable, cada sector delimitado, xunto cos sistemas xerais que teña adscritos, formarán unha área de repartición independente”, é dicir, a forma imperativa coa que está relatada “formarán”, obriga a que cada sector, xunto cos sistemas xerais que teña adscritos (en solo rústico), formen unha área de repartición independente, cando o artigo 234.4 do RLSG, deixa asemade outras posibilidades. Polo tanto a resposta B) sería incorrecta, non porque non sexa unha solución admisible, senón porque se propón como a única solución posible.

En consecuencia, o tribunal acorda **DESESTIMAR a alegación** á pregunta 79.



PREGUNTA 80: De conformidade co previsto no Decreto 143/2016 é posible realizar o reaxuste dos polígonos de solo urbano non consolidado delimitados polo plan xeral. En relación con este asunto, indicar cal das seguintes opcións non é correcta:

- A. O expediente iniciárase sempre de oficio polo concello.
- B. A redelimitación non pode alterar en ningún caso a ordenación urbanística establecida polo plan.
- C. A redelimitación non pode alterar a área de repartición na que estea incluído o polígono.
- D. Para o caso de que haxa dous ou máis polígonos na mesma área de repartición, a nova delimitación deberá garantir que estes non teñan entre si unha diferenza de aproveitamento superior ao 10% do aproveitamento tipo da área de repartición, nin que impliquen unha desproporcionada diferenza nas cargas de urbanización.

Alegacións: O alegante indica que a resposta A) efectivamente non é correcta, porén tampouco o son as respostas B) e C), porque usan o termo “redelimitación”, que non se atopa en todo o regulamento.

Consideracións do tribunal: Como primeira cuestión hai que indicar que ningunha das respostas ofrecidas son reprodución literal do texto legal de referencia, polo que non se pode argumentar o emprego do termo “redelimitación” para invalidar as respostas B) e C).

O termo “redelimitación” está composto por un sufixo “re-“, que significa unha acción repetida que vén despois, neste caso “delimitación”, polo que ten o significado de “volver a delimitar” ou “reaxustar” o límite.

En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR a alegación** á pregunta 80.

PREGUNTA 81: En relación co disposto na Lei do Solo de Galicia e o seu Regulamento, para os sistemas de execución do planeamento, indicar cal das seguintes afirmacións non é correcta:

- A. Nun sistema de compensación, o proxecto será formulado polos propietarios que reúnan máis do 25%da superficie do ámbito ou pola xunta de compensación se esta estivese constituída.
- B. A cesión do 10%do aproveitamento tipo da área de repartición á administración realizarase en cada polígono, con independencia de se este é excedentario ou deficitario.
- C. Procurarase, sempre que sexa posible, que os predios adxudicados estean situados nun lugar próximo ao das antigas propiedades dos mesmos titulares.
- D. A aprobación definitiva do instrumento de equidistribución habilita á Administración para proceder á ocupación dos terreos e bens que, pola súa cualificación urbanística, deber ser obxecto de cesión obrigatoria e gratuíta e daqueles outros que sexan necesarios para a execución material das obras de urbanización.

Alegacións: O alegante indica que a resposta B) tamén é incorrecta, porque cando os polígonos son deficitarios reciben aproveitamento e non fan cesión ningunha. Invoca o artigo 239 do regulamento da Lei do Solo.

Consideracións do tribunal: Para que podan existir polígonos excedentarios ou deficitarios, o plan que os delimitou ten que inserir, polo menos, dous deles nunha mesma área de repartición. Deste xeito, ambos os dous terían o mesmo aproveitamento tipo, que se calcularía polo procedemento regulado no artigo 99 da Lei do Solo de Galicia (art. 236 do seu regulamento).



Pode darse o caso tamén de que todos os polígonos inseridos nunha área de repartición sexan excedentarios. Para iso, nesta área teñen que estar inseridos sistemas xerais ou locais adscritos aos polígonos, que se obterán polos procedementos de ocupación directa, permuta forzosa, expropiación forzosa ou convenio urbanístico, con cargo aos excesos de aproveitamento destes.

Pois ben, o artigo 31, apartado 1.d), do regulamento da Lei do Solo dispón que é un deber dos propietarios de solo urbano non consolidado “ceder obrigatoria, gratuitamente e libre de cargas ao concello o solo correspondente ao 10 % do aproveitamento tipo da área de repartición”. Hai que entender que cada polígono inserido nunha área de repartición se pode executar nun momento temporal distinto, ou incluso non chegar a desenvolverse nunca durante a vixencia do plan xeral.

Mesma situación ocorre cos polígonos delimitados nos sectores do solo urbanizable, artigo 43, apartado d), do regulamento da Lei do solo, no que se establece a obriga dos propietarios de “ceder obrigatoria, gratuitamente e libre de cargas ao concello o solo correspondente ao 10 % do aproveitamento tipo da área de repartición”.

A cesión desta porcentaxe de aproveitamento ao concello materialízase coa aprobación definitiva do proxecto de equidistribución que se redacte para cada un dos polígonos (artigo 274, apartado 1.a) do regulamento da Lei do Solo).

O artigo 239 que invoca o alegante prevé a situación que se produce cando un polígono é deficitario de aproveitamento, é dicir, cando o resultado de referir á superficie das súas parcelas o 90% do aproveitamento tipo da área de repartición é inferior ao aproveitamento susceptible de apropiación por estes (POL 2, do gráfico seguinte). Neste caso, non é que o polígono teña que recibir aproveitamento, como se di na alegación, senón que os propietarios terán que materializar o seu defecto de aproveitamento, noutro ou noutros polígonos excedentarios da mesma área de repartición (POL 1, do gráfico seguinte).

O aproveitamento real de cada polígono vén determinado polo plan que o delimita, e non se pode alterar no instrumento de equidistribución.




Gráfico. Caso de dous polígonos nunha mesma área de repartición.

inserir

No caso do gráfico, os propietarios do solo do polígono 2 terán que materializar o seu defecto de aproveitamento, incorporándose cos seus dereitos no ámbito do polígono 1, cando este se desenvolva.

En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR a alegación** á pregunta 81.



PREGUNTA 82: De conformidade co disposto na Lei do Solo de Galicia e o seu Regulamento, en relación coa execución e conservación das obras de urbanización, indicar cal das seguintes afirmacións é correcta:

- A. A conservación da urbanización correspóndelle ao concello.
- B. O planeamento urbanístico poderá prever a obriga dos propietarios dos solares resultantes da execución da urbanización para constituírse en entidade urbanística de conservación, neste caso, a conservación da urbanización corresponderá a esta entidade por tempo indefinido.
- C. O pleno da corporación, cando o considere conveniente, poderá acordar a constitución obrigatoria dunha entidade urbanística de conservación que se faga cargo da conservación da urbanización.
- D. As obras de urbanización de titularidade privada serán conservadas e mantidas polos concellos.

Alegacións: Os alegantes indican que non hai ningunha resposta correcta, din que a A) non o é, xa que os particulares tamén poden estar obrigados ao mantemento das obras de urbanización.

Consideracións do tribunal: O artigo 232.1 do RLSG establece que “a conservación da urbanización corresponderá ao concello”. Se ben é certo que nese mesmo artigo se prevé a posibilidade de que os particulares adquiren a obriga de facerse cargo do mantemento e conservación das obras de urbanización, isto é unha situación excepcional, e sempre por un tempo limitado, polo que ao final a conservación desa urbanización volve a recaer sobre o concello. Esta excepcionalidade, precisamente, é a que foi obxecto do resto das respostas, e todas elas resultan incorrectas.

En consecuencia, o tribunal acorda **DESESTIMAR as alegacións** á pregunta 82.

PREGUNTA 83: A modificación do sistema de actuación indirecto a directo, previsto polo plan xeral para un determinado ámbito de execución, pode realizarse cando (indicar a opción correcta):

- A. O promotor da actuación acredite ter a totalidade da superficie do polígono e dos sistemas xerais afectos.
- B. Cando o soliciten os propietarios que representen máis do 50% da superficie do polígono e dos sistemas xerais afectos.
- C. Cando non se consiga a participación voluntaria dos propietarios que representen a superficie requirida para a execución do ámbito e se incumpran os prazos para o cumprimento dos deberes urbanísticos.
- D. Ningunha das anteriores é correcta, non se poden modificar os sistemas de actuación establecidos no plan xeral.

Alegacións: O alegante indica que o tribunal sinala como opción correcta a C), cando no artigo 128 da Lei do Solo non aparece a condición do incumprimento dos prazos. Tamén sinala que a pregunta fai referencia aos sistemas indirectos en xeral e a pregunta refírese exclusivamente á substitución do sistema de compensación.

Consideracións do tribunal: Os sistemas de execución indirectos definidos na Lei do Solo e no seu Regulamento de desenvolvemento, efectivamente son dous: o de concerto e o de compensación. A pregunta refírese a ambos os dous, porén as respostas poden ser a un deles, ou a ambos.



Por outra banda, nin a pregunta nin as respostas son transcricións literais das normas, polo que as respostas non hai que buscalas nun único artigo, xa que logo a súa interpretación hai que facela de xeito integrado no seu contexto e no seu conxunto.

A opción C) que o alegante sinala como incorrecta, porque o artigo 128 da Lei do solo (art. 313 do RLSG) non inclúe o incumprimento dos prazos para o cumprimento dos deberes urbanísticos, hai que interpretala en conxunto co disposto no artigo 285.b) do Regulamento da Lei do solo, no que se establece que “O cambio de sistema de actuación indirecto a directo aplicarase nos supostos indicados neste regulamento e cando se incumpran os prazos para o cumprimento de deberes urbanísticos”, regulándose tamén para o caso específico do sistema de compensación no artigo 299.3 do Regulamento que “A falta de presentación do proxecto no prazo de tres meses desde a aprobación definitiva do planeamento detallado, habilitará a Administración actuante para substituír o sistema de actuación”.

En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR a alegación** á pregunta 83.

PREGUNTA 84: Na execución dun polígono polo sistema de compensación, indicar cal das seguintes afirmacións non é correcta:

- A. A aplicación do sistema de compensación requirirá que os propietarios que presenten o proxecto de estatutos e bases de actuación superen o 50% da superficie do polígono no momento da súa aprobación definitiva.
- B. Poderán formar parte da xunta de compensación as empresas urbanizadoras que vaian participar cos propietarios na xestión do polígono.
- C. Os propietarios do ámbito do polígono e dos sistemas xerais afectados deben integrarse de forma obrigatoria na xunta de compensación.
- D. Para facer fronte aos gastos de urbanización, a xunta de compensación poderá dispoñer, mediante a súa venda, das parcelas que se reservaron para tal fin no proxecto de compensación.

Alegacións: A alegante indica que á vista do disposto no artigo 310.1 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia, a resposta D) tamén é incorrecta, polo que a pregunta ten dúas respostas válidas. Solicita que se anule a pregunta.

Consideracións do tribunal: Como primeira cuestión hai que indicar que ningunha das respostas ofrecidas son reprodución literal do texto legal de referencia, polo que non se pode argumentar a variación dunha palabra que debe ser interpretada no seu contexto.

A pregunta está referida concretamente ao sistema de compensación, polo que o proxecto de equidistribución, que redacta a xunta de compensación constituída para a execución das determinacións do planeamento no ámbito do polígono, adquire o nome de “proxecto de compensación”, tal e como está definido no artigo 308 do Regulamento da Lei do Solo.

En consecuencia, o tribunal acorda **DESESTIMAR as alegacións** á pregunta 84.

PREGUNTA 85: Na execución dun polígono polo sistema de cooperación, indicar cal das seguintes afirmacións non é correcta:

- A. A iniciativa da execución do sistema de cooperación correspóndelle ao concello.
- B. Os propietarios que representen, como mínimo, o 25% da superficie do polígono poderán formalizar unha asociación administrativa de cooperación para colaborar co concello na súa execución.
- C. A pertenza á asociación administrativa de cooperación, por parte dos propietarios de solo incluídos no polígono, é voluntaria.



D. O contido do proxecto de reparcelación seguirá as regras xerais para a equidistribución, ou as que a asociación administrativa de cooperación prevexa nos seus estatutos e bases.

Alegacións: A alegante indica que o tribunal propuxo como resposta correcta a D e considera, baseándose no disposto nos artigos 116.3 da Lei do Solo, e artigos 245.1.a) e 265.3 do Regulamento, que a resposta A) tampouco é correcta.

Consideracións do tribunal: Como primeira cuestión hai que indicar que nin a pregunta formulada, nin ningunha das respostas ofrecidas, son reprodución literal do texto legal de referencia, polo que non se pode argumentar a literalidade dun precepto legal para invalidar unha resposta.

O sistema de cooperación está clasificado no artigo 111 da Lei do Solo (art. 283 do Regulamento), como un sistema de actuación directo, é dicir, aqueles sistemas nos que a administración ten a iniciativa da súa execución. De feito, no artigo 116.1 da Lei do Solo (art. 287.1 do Regulamento) dispónse que “no sistema de cooperación os propietarios achegan o solo de cesión obrigatoria e a Administración executa as obras de urbanización con cargo a eles”.

Non obstante o antedito, no artigo 288 do Regulamento prevese a posibilidade de que os propietarios do ámbito do polígono que se está a executar colaboren co concello, exclusivamente coas funcións contidas no apartado 3 deste mesmo artigo, consistentes na achega á administración de propostas e suxestións referidas á formulación, xestión e execución do planeamento, e tamén, para a redacción do proxecto de equidistribución.

Estas dúas cuestións anteditas, de forma simplificada, son obxecto das respostas A) e B), ambas as dúas correctas.

Por outra banda, hai que sinalar que estas regulacións legais non son contraditorias coas invocadas polo alegante, xa que logo tanto a lei como o regulamento que a desenvolve son corpos normativos que hai que entender de forma integrada no seu conxunto e no seu contexto.

En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR a alegación** á pregunta 85.

PREGUNTA 86: Na obtención dun sistema xeral adscrito en solo urbano non consolidado, en solo urbanizable ou en solo rústico, indicar cal das seguintes afirmacións non é correcta:

- A. Obterase por cesión obrigatoria e gratuíta, coa aprobación definitiva do instrumento de equidistribución.
- B. Poderase obter, de forma anticipada, por ocupación directa ou convenio urbanístico entre a administración e o propietario.
- C. Poderase obter por expropiación forzosa.
- D. A obriga de cesión gratuíta comprende tamén a obriga de realizar as obras de urbanización á conta dos propietarios.

Alegacións: Os alegantes indican que o artigo 315.4 do Regulamento da Lei do Solo, establece que a cesión dos SSXX incluídos inclúe a obriga de urbanizar, polo que a D) tamén é correcta.

Outro alegante indica, á vista do artigo 129 da LSG, que as respostas A), B) e D), non son correctas, polo que hai 3 incorrectas e unha correcta, polo que está mal a pregunta.

Consideracións do tribunal: De conformidade co disposto no artigo 129.3 e 4 da LSG (art. 315.3 e 4 do RLSG), as respostas A), B) e C) son correctas. Deixouse fóra das respostas o procedemento de permuta forzosa, por estaren afectado pola Resolución do 4 de outubro do 2016, acordo da



Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, respecto da LSG.

A resposta D) non é correcta, porque o apartado 4 dos anteditos artigos, establece a obriga de urbanizar os sistemas xerais “inseridos” nos ámbitos, e non dos “adscritos”, que son aos que fai referencia a pregunta.

En consecuencia, o tribunal acorda **DESESTIMAR as alegacións** á pregunta 86.

PREGUNTA 95: De conformidade coa Ordenanza municipal de conservación e rehabilitación de inmobles, están obrigados a dispoñer do IAE, os seguintes edificios (indicar a opción incorrecta):

- A. Os edificios catalogados, independentemente da súa antigüidade e uso.
- B. Os edificios de uso residencial cunha antigüidade de máis de 50 anos, segundo a definición establecida para este uso no Plan xeral de ordenación municipal.
- C. Os edificios doutros usos non residenciais cunha antigüidade demais de 50 anos, excepto os localizados no ámbito das normas zonais 6 e 7.
- D. Os edificios con declaración firme de ruína, con independencia da antigüidade e uso ao que se destinen.

Alegacións: O alegante indica que na ordenanza non hai ningún documento que responda ás siglas “IAE” e que polo tanto se xera confusión con outros de outra índole que puideran existir.

Outro alegante sinala que as siglas IAE son as que se empregan para referirse ao Imposto de Actividades Económicas, e xera confusión.

Consideracións do tribunal: O artigo 40 da ordenanza publicado no BOP núm. 54, do 21.03.2022, indica, literalmente, “1. O informe de avaliación do edificio (IAE) é un instrumento [...]”, logo si está perfectamente identificado e non pode xerar confusión con ningún outro.

En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR as alegacións** á pregunta 95.

PREGUNTA 100: As normas zonais incluídas no Título VII do documento do PXOM da Coruña, resultan de aplicación obrigatoria en (indicar a opción correcta):

- A. O solo urbano consolidado, incluídas as API.
- B. O solo urbano consolidado, áreas de planeamento remitido e solo urbanizable, podendo estas últimas introducir condicións particulares que non desvirtúen os principios destas normas.
- C. No solo urbano consolidado e non consolidado con ordenación detallada, excluídos os ámbitos das API.
- D. No solo urbano.

Alegacións: O alegante indica que o tribunal sinala como contestación correcta a D), que non responde á literalidade do que se inclúe no artigo 7.1.1. das NNUU.

Outro alegante sinala que a resposta correcta é a D), non a C), porque no solo urbano non consolidado é previa a equidistribución e a urbanización.

Consideracións do tribunal: O solo urbano do PXOM/13 da Coruña está integrado polo solo urbano con ordenación directa, nas súas categorías de consolidado e non consolidado, inserido este último en ámbitos de polígonos (POL); solo urbano non consolidado pendente de ordenación,



inserido en ámbitos denominados áreas de planeamento remitido (APR); e ámbitos de solo urbano consolidado e non consolidado, inseridos en ámbitos de planeamento incorporado (API).

As normas zonais reguladas no Título VII das normas urbanísticas do PXOM, unicamente son de aplicación no solo urbano consolidado e no solo urbano non consolidado inserido en polígono, en ambos os dous casos con ordenación directa (vid. Plano O6. Zonificación).

Nos ámbitos de solo urbano inseridos en APR, serán os plans especiais de desenvolvemento do plan xeral os que definan as ordenanzas de edificación sobre o dito ámbito, sen prexuízo de que decidan a aplicación das que xa existen no plan xeral.

Nos ámbitos de solo urbano inseridos en API, para as parcelas privadas resultan de aplicación as normas zonais de aplicación do seu planeamento de referencia; se ben nas parcelas dotacionais públicas pódese aplicar alternativamente a Norma Zonal 8, Equipamentos, do plan xeral.

Do antedito dedúcese que a opción correcta, de todas as propostas, é a C), que precisamente é a que propuxo o tribunal.

En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR as alegacións** á pregunta 100.

RESERVA NÚMERO 3: Segundo o artigo 48 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as persoas propietarias, posuidoras, arrendatarias e, en xeral, titulares de dereitos reais sobre os bens de interese cultural especificamente declarados permitirán a súa visita pública gratuíta un número mínimo de:

- A. Tres días ao mes durante, polo menos tres horas ao día.
- B. Catro días ao mes durante, polo menos catro horas ao día.
- C. Cinco días ao mes durante, polo menos cinco horas ao día.
- D. Seis días ao mes durante, polo menos seis horas ao día.

Alegacións: Os alegantes sinalan, en síntese, que no cadro de respostas correctas publicado polo tribunal o 25.03.2024 figura como resposta correcta a letra C cando debería figurar a B en base á literalidade do precepto legal mencionado.

En consecuencia, o Tribunal acorda **ESTIMAR as citadas alegacións e modificar o cadro de respostas correctas, polo que a resposta correcta para a pregunta número 3 de Reserva sería a B e non a C**, que foi a que apareceu publicada debido a un erro de transcripción.

Para esta mesma pregunta, outro alegante pide que sexa anulada porque entende que ningunha das respostas ofrecidas é plenamente correcta por considerar que *“a resposta correcta sería un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día, agás dispensa total ou parcial da consellería competente en materia de patrimonio cultural cando exista unha causa xustificada”*. Introduce desta maneira na formulación da resposta o apartado 2 do artigo 48 da Lei 5/2016, do 4 de maio, que di: *“O cumprimento desta obriga poderá ser dispensado total ou parcialmente pola consellería competente en materia de patrimonio cultural cando exista unha causa xustificada”*.

O Tribunal acorda **DESESTIMAR esta alegación** porque da formulación da pregunta se desprende claramente, e así o estimaron tamén o resto de persoas que presentaron alegacións contra esta pregunta, que a mesma se refire á norma xeral que rexe para as visitas aos bens de interese



cultural, recollida no apartado 48.1 da lei, que se reproduce literalmente no cuestionario, e non ás excepcións ou dispensas especiais e xustificadas que se introducen no 48.2.

PREGUNTA RESERVA 6: Entre as consideracións de execución de obras establecidas polo DB HR, sinala a incorrecta:

- A. Os enchufes, interruptores e caixas de rexistro de instalacións contidas nos elementos de separación verticais non serán pasantes.
- B. As xuntas entre o elemento de separación vertical e as caixas para mecanismos eléctricos deben ser estancas.
- C. O material absorbente acústico situado nunha cámara entre dúas follas de fábrica deberá cubrir polo menos 2/3 da superficie da mesma, e se non enche todo o ancho da cámara debe fixarse a unha das follas para evitar desprazamentos.
- D. As xuntas entre o elemento de separación vertical e as caixas para mecanismos deben ser estancas.

Alegacións: A alegante sinala, en resumo, que a pregunta ten máis dunha resposta correcta ademais da opción C establecida no cadro de respostas polo tribunal, xa que considera que a opción B tamén sería válida neste caso.

Consideracións do tribunal: No referido á esta alegación que propón que, por non reproducir o teor literal do apartado 5.1.1.1.2 do DB-HR ao non incluír a palabra “elétricos” no texto da opción D, ao contrario do que acontece coa opción B, fai que a D teña que considerarse como incorrecta.

Este tribunal considera que a non inclusión do termo “elétricos” na opción de resposta D, de xeito similar ao acontecido na opción B, fai que, por similitude, deba entenderse a dita opción D como resposta válida a esta pregunta e, polo tanto, pase a haber dúas opcións de resposta correctas, polo que se debe anular esta pregunta.

En consecuencia, o Tribunal acorda **ESTIMAR as alegacións e ANULAR a pregunta de RESERVA 6.**

PREGUNTA RESERVA 8: Segundo o artigo 242 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, no que respecta á modificación do contrato de obras, cando a modificación contemple unidades de obra que haxan de quedar posterior e definitivamente ocultas, antes de efectuar a medición parcial das mesmas, deberá comunicarse á Intervención da Administración correspondente, cunha antelación mínima de:

- A. 5 días.
- B. 7 días.
- C. 10 días.
- D. 15 días.

Alegacións: A alegante recoñece que o artigo 242.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público contén o literal de cunha antelación mínima de cinco días. Ese inciso do apartado 3 por STC 68/2021 só se aplica á Administración xeral do Estado e ás súas entidades vinculadas, e pide a anulación da pregunta de reserva 8.

Consideracións do tribunal: O teor literal do artigo 242.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sinala:



Concello da Coruña

“Cando a modificación prevexa unidades de obra que deban quedar posterior e definitivamente ocultas, antes de efectuar a súa medición parcial deberásele comunicar á Intervención da Administración correspondente, cunha antelación mínima de cinco días para que, se o considera oportuno, poida acudir ao dito acto nas súas funcións de comprobación material do investimento, e iso sen prexuízo de, unha vez terminadas as obras, efectuar a recepción, de conformidade co disposto no número 1 do artigo 243, en relación co número 2 do artigo 210”.

Analizada polo tribunal, acórdase NON ACEPTAR a alegación, xa que o literal do artigo 243.3 da Lei 9/2017 recolle textualmente *“cunha antelación mínima de cinco días”*, e ao non estar a pregunta sinalando ningunha administración concreta, e polo que debe entenderse ben formulada a pregunta.

En consecuencia, o tribunal acorda **DESESTIMAR esta alegación** á pregunta de reserva 8.

As aclaracións dunha opositora con respecto aos recadros marcados no cuestionario á hora de responder a varias preguntas non poden considerarse alegacións ao cuestionario.

Á vista do anterior, o cadro de respostas correctas experimenta as seguintes variacións:

PREGUNTA	VARIACIÓNS
19	Anulada e substituída pola de reserva núm. 1
34	Anulada e substituída pola de reserva núm. 2
38	Anulada e substituída pola de reserva núm. 3
46	Anulada e substituída pola de reserva núm. 4
53	Anulada e substituída pola de reserva núm. 5
59	Anulada e substituída pola de reserva núm. 7
63	A resposta correcta é a D), non a B)
RESERVA 3	A resposta correcta é a B), non a C)
RESERVA 6	Anulada

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

O secretario do Tribunal